# LETRAS GALEGAS 2023



*Francisco Fernández del Riego*



Fernández del Riego nace en Vilanova de Lourenzá o 7 de xaneiro de 1913.
Primoxénito dos once fillos e fillas de Vicente e Amada, recibe os nomes de Francisco Jesús Benito Antonio.



No ano 1930 trasládase a Madrid coa súa familia e comeza os estudos de dereito.

Ao ano seguinte, coa proclamación da II República, volta a Santiago e continúa alí os seus estudos



A primeiros de 1932 ingresa no Partido Galeguista como militante do grupo de Santiago de Compostela, reclamando a galeguización para a universidade compostelana.

Francisco Fernández del Riego



No 1936 comeza a
Guerra Civil.
Césano como profesor
universitario e é
inhabilitado para
exercer a docencia.
Chámano a filas e
percorre diferentes
frontes de batalla.



En 1940 casa con Evelina Hervella Nieto, á que coñecera en Valdeorras facendo o servizo militar. Non terán descendencia.

No ano 1943 comeza a reorganizar, na clandestinidade, o Partido Galeguista.



Traballou arreo polo idioma e a cultura galega: ademais de ser membro do Seminario de Estudos Galego e fundador da Editorial Galaxia, recibiu as medallas de Ouro de Galicia e a de Castelao.

Francisco Fernández del Riego



O tres de novembro de 1960 ingresa na Real Academia Galega.

O seu discurso de ingreso leva por título "Un país e unha cultura. A idea de Galicia nos nosos escritores".

Francisco Fernández del Riego




No ano 1963 participa na creación do Partido Socialista Galego e é elixido Primeiro Secretario Xeral.

Neste mesmo ano comeza a publicación da revista Grial , continuadora dos cadernos do mesmo título censurados polas autoridades franquistas.




Nese mesmo ano, instáurase o Día das Letras Galegas, a proposta de Xesús Ferro Couselo, Manuel Gómez Reino e o propio Francisco F. del Riego, coincidindo co centenario da publicación de Cantares Gallegos, de Rosalía de Castro.



É elixido presidente da
Real Academia Galega
no ano 1997.
Durante o seu mandato
renováronse os
estatutos, en vigor desde
1906, aumentouse o
número de académicos,
modificouse o mandato
vitalicio da presidencia e eliminouse o voto
delegado.



En decembro de 2009 cesa como director da Biblioteca da Fundación Penzol, de Vigo.

Falece en Vigo un 26 de novembro de 2010 aos 97 anos de idade.

# *Deixámosvos aqui algunhas das súas obras*




*Francisco Fernández del Riego*




Francisco Fernández del Riego